

PERFORMANCE

UNHA ARTE INTERMITENTE



E N T R Á N S I T O

PUBLICACIÓN

Facultade de Belas Artes
Universidade de Vigo



EDITA

Universidade de Vigo /Error es Bien Editorial?

TEXTOS

Carlos Tejo
Sara Donoso

COLABORA

Carmen García Infante

FOTOGRAFÍAS

Os/as artistas

REVISIÓN LINGÜÍSTICA

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Andrea Núñez Pidre

IMPRESIÓN

Andrea Núñez Pidre
Marcos Covelo

ISBN: 978-84-8158-972-6

Depósito Legal: VG 370-2023

UNIVERSIDADE DE VIGO

REITOR

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
VICERREITORA DO CAMPUS DE PONTEVEDRA

Dna. Eva María Lantarón Caeiro
DECANO DA FACULTADE DE BELAS ARTES DE PONTEVEDRA
D. Xosé Manuel Buxán Bran

ÍNDICE

6 Prólogo de Carlos Tejo

TEXTOS EN GALEGO

10 Gena
Bahamonde

46 Amaya
González Reyes

22 Félix
Fernández

58 María
Marticorena

34 Ana
Gesto

72 Berio
Molina

TEXTOS EN CASTELÁN

86 Gena
Bahamonde

114 Amaya
González Reyes

96 Félix
Fernández

122 María
Marticorena

106 Ana
Gesto

130 Berio
Molina

SOBRE A PUBLICACIÓN

Desde hai uns anos, iniciamos desde a Facultade de Belas Artes de Pontevedra un proxecto de entrevistas a ex-alumnado da facultade co obxectivo de coñecer os seus proxectos, procesos, traballos, inqedanzas e incertezas. Desde entón, estamos a xerar un amplo arquivo de entrevistas a artistas, profesionais do deseño, da xestión cultural ou da educación, que nos permite seguirilles a pista a todas as persoas que nalgún momento pasaron polas nosas aulas e se empaparon de conceptos e de aptitudes que talvez continúen atesourando na súa memoria.

Nesta ocasión, quixemos mergullarnos na arte de acción para activar unha serie de reflexións en torno ao corpo, as prácticas performáticas, o son ou a dramaturxia, da man dunha selección de artistas escollidos polo profesor Carlos Tejo Veloso, quen firma o texto *Unha arte intermitente*.

As entrevistas foron realizadas pola tamén ex-alumna e xestora cultural Sara Donoso, en colaboración con Carmen García Infante, quen falou con Gena Bahamonde, Félix Fernández, Ana Gesto, Amaya González Reyes, María Marticorena e Berio Molina, entre 2021 e 2022.

Desde hace unos años, comenzamos desde la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra un proyecto de entrevistas a exalumnado de la facultad con el objetivo de conocer sus proyectos, procesos, trabajos, inquietudes e incertidumbres. Desde entonces, estamos generando un amplio archivo de entrevistas a artistas, profesionales del diseño, de la gestión cultural o de la educación, que nos permite seguirles la pista a todas las personas que en algún momento pasaron por nuestras aulas y se empaparon de conceptos y aptitudes que tal vez continúen atesorando en su memoria.

En esta ocasión, quisimos sumergirnos en el arte de acción para activar una serie de reflexiones en torno al cuerpo, las prácticas performativas, el sonido o la dramaturgia, de la mano de una selección de artistas escogidos por el profesor Carlos Tejo Veloso, quien firma el texto *Un arte intermitente*.

Las entrevistas fueron realizadas por la también exalumna y gestora cultural Sara Donoso, en colaboración con Carmen García Infante, quien habló con Gena Bahamonde, Félix Fernández, Ana Gesto, Amaya González Reyes, María Marticorena y Berio Molina, entre 2021 y 2022.

SOBRE LA

PUBLICACIÓN

UNHA ARTE INTERMITENTE

A práctica artística que en Galicia se vale de procesos performativos presenta unha extraordinaria riqueza, calidade e coherencia. Esta segunda década do século xxi déixanos unha canteira de artistas que atopan na linguaxe do efémero o seu xeito de facer máis oportuno e recorrente. Obviamente, esta situación non sempre foi así. A pouco que analicemos, dámonos conta de que a arte non obxectual en Galicia reunía todos os síntomas dun facer periférico: información escasa, atraso fronte a outras zonas do Estado, pouca repercusión nos circuítos artísticos hexemónicos e un certo sentimento de inferioridade. Custou moitos anos, afouteza e esforzo saír desta situación e acadar unha tímida presenza no contexto artístico máis próximo. Isto foi posible, en primeiro lugar, pola valentía da comunidade de artistas que elixiron un facer escorregadizo, arriscado e –en moitas ocasións– frívolo e mal valorado. Grazas pola súa insistencia. Grazas tamén ás persoas que, dentro da docencia, da investigación e da xestión, seleccionan unha arte multidisciplinaria e fugaz como centro dos seus intereses. Grazas ás institucións que, máis alá do oportunismo das modas, conceden un espazo digno a este tipo de prácticas. Este esforzo conxunto fai que unha arte que traballa co corpo, o tempo compartido e o contexto espacial-simbólico, atopara un lugar destacado no noso panorama local. Con todo, a pesar desta maior visibilidade, a situación non é ideal: a performance en Galicia segue tendo que enfrontar cíclicos, prolongados e angustiosos períodos de seca.

O conxunto de persoas entrevistadas nesta publicación móstranos un prisma poliédrico que nos achega a unha arte híbrida, complexa na súa clasificación e, quizais, pouco interesada polas imposicións do mercado. Félix Fernández, Ana Gesto, Gena Bahamonde, María Marticorena, Amaya González Reyes e Berio Molina propoñen, desde presupostos dispares, unha interesante renovación das artes e da escena actual en Galicia. A súa obra incorpora estratexias que, en ocasións, nos achegan á arte sonora, á danza e á escena contemporánea ou que nos lembran a vixencia do legado de artistas como Valie Export, Esther Ferrer ou Valcárcel Medina. Os seus achados non proveñen da mímese, senón dunha rigorosa

investigación que lle imprime á súa obra unha marcada personalidade. Os seus intereses son diversos e dinámicos: buscar os límites da resistencia (María Marticorena), reinterpretar o ritual e identitario (Ana Gesto, Berio Molina), fomentar o cuestionamento das clasificacións inamovibles do xénero (Gena Bahamonde), interrogar o propio sistema da arte (Amaya González Reyes) ou reflexionar sobre problemáticas esenciais do ser humano a través da hibridación de linguaxes artísticas (Félix Fernández). Como adoita acontecer, faltan algúns nomes para completar esta proposta. Con todo, consideramos que as persoas que aquí presentamos (por certo, todas elas graduadas ou doutoradas pola Facultade de Belas Artes de Pontevedra) constitúen unha mostra representativa de procesos que, toquemos madeira, parecen amosar sinais de fortaleza. Só nos queda agardar que esta forza as siga acompañando cando teñan que resistir no difícil empeño de levar a cabo unha arte intermitente con escasas oportunidades de consolidación.

CARLOS TEJO

UN ARTE INTERMITENTE

La práctica artística que en Galicia se vale de procesos performativos presenta una extraordinaria riqueza, calidad y coherencia. Esta segunda década del siglo XXI nos deja una cantera de artistas que encuentran en el lenguaje de lo efímero su modo de hacer más oportuno y recurrente. Obviamente, esta situación no siempre fue así. A poco que analicemos, nos damos cuenta de que el arte no objetual en Galicia reunía todos los síntomas de un hacer periférico: información escasa, retraso frente a otras zonas del Estado, poca repercusión en los circuitos artísticos hegemónicos y un cierto sentimiento de inferioridad. Ha costado muchos años, arrojo y esfuerzo salir de esta situación y alcanzar una tímida presencia en el contexto artístico más cercano. Esto fue posible, en primer lugar, por la valentía de la comunidad de artistas que eligieron un hacer escurridizo, arriesgado y -en muchas ocasiones- frivolidado y mal valorado. Gracias por vuestra insistencia. Gracias también a las personas que, dentro de la docencia, la investigación y la gestión, seleccionan un arte multidisciplinar y fugaz como centro de sus intereses. Gracias a las instituciones que, más allá del oportunismo de las modas, conceden un espacio digno a este tipo de prácticas. Este esfuerzo conjunto hace que un arte que trabaja con el cuerpo, el tiempo compartido y el contexto espacial-simbólico, haya encontrado un lugar destacado en nuestro panorama local. Sin embargo, a pesar de esta mayor visibilidad, la situación no es ideal: la performance en Galicia sigue teniendo que enfrentar cíclicos, prolongados y angustiantes periodos de sequía.

El conjunto de personas entrevistadas en esta publicación nos muestra un prisma poliédrico que nos acerca a un arte híbrido, complejo en su clasificación y, quizás, poco interesado por las imposiciones del mercado. Félix Fernández, Ana Gesto, Gena Bahamonde, María Marticorena, Amaya González Reyes y Berio Molina plantean, desde presupuestos dispares, una interesante renovación de las artes y la escena actual en Galicia. Su obra incorpora estrategias que, en ocasiones, nos acercan al arte sonoro, a la danza y escena contemporánea o que nos recuerdan la vigencia del legado de artistas como Valie Export, Esther Ferrer o Valcárcel Medina. Sus

hallazgos no provienen de la mimesis sino de una rigurosa investigación que imprime a su obra una marcada personalidad. Sus intereses son diversos y dinámicos: buscar los límites de la resistencia (María Marticorena), reinterpretar lo ritual e identitario (Ana Gesto, Berio Molina), fomentar el cuestionamiento de las clasificaciones inamovibles del género (Gena Bahamonde), interrogar al propio sistema del arte (Amaya González Reyes) o reflexionar sobre problemáticas esenciales del ser humano a través de la hibridación de lenguajes artísticos (Félix Fernández). Como suele suceder, faltan algunos nombres para completar esta propuesta. A pesar de ello, consideramos que las personas que aquí presentamos (por cierto, todas egresadas de grado o doctorado de la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra) constituyen una representativa muestra de procesos que, crucemos los dedos, parece mostrar signos de fortaleza. Sólo nos queda esperar que esta fuerza les siga acompañando cuando tengan que resistir en el difícil empeño de llevar a cabo un arte intermitente con escasas oportunidades de consolidación.

CARLOS TEJO

GENA
BAHAMONDE

Gena Bahamonde é creadora, directora, investigadora e intérprete cunha ampla traxectoria artística no eido da práctica escénica e da creación contemporánea. É doutora en Belas Artes e titulada en Arte Dramática na especialidade Dramaturxia e Dirección, con formación en artes do movemento, igualdade, xénero e diversidade sexual. O seu traballo cuestiona os estereotipos de sexo, xénero e sexualidade que atravesan os corpos tratando de reverter os valores hexemónicos para construír novas formas de pensamento desde o respecto e a diversidade.

Dirixe *Neorretranca* e *posmorriña* no CDG e realiza a dramaturxia e a dirección en diversas compañías como A Artística, Xarope Tulú, Matrioshka, Elahood ou A Panadaria, coa que recibe o Premio María Casares á mellor dirección e mellor texto orixinal coa peza *Elisa* e *Marcela* (2018). Xunto a Andrea Quintana crea o colectivo VACAburra, centrado na creación escénica e coreográfica en clave contemporánea cunha mirada transfeminista e co humor como ferramenta.

Contas cunha formación diversa na que se inclúe o doutoramento en Belas Artes e a titulación en Arte Dramática. Que che interesa da convivencia entre diferentes sectores e que pode achegar cada un?

Creo que o campo das belas artes e o das artes escénicas son realmente próximos e cunha perfecta sintonía, cun marco de intersección que permite a convivencia e o contaxio dun xeito bastante natural. Adoito reivindicar esa ollada baseada na irmandade e a colaboración, máis que afondar nunhas supostas liñas de separación inquebrantables que, en moitas ocasións, veñen marcadas pola necesidade académica da separación en ámbitos disciplinarios. Ademais, no caso das artes escénicas contemporáneas, a fusión, a apertura a colaboracións e os marcos de traballo común posible, coas belas artes, creo que se multiplican e poden potenciarse grazas ao *bastardeo* transdisciplinario con campos de xogo compartidos para a creación. No meu caso, dende de moi cedo, os meus referentes para a creación escénica eran máis achegados ao campo das belas artes, sobre todo á arte feminista, á performance, á plástica, á videocreación, como tamén á danza, máis que a referentes de teatro en si ou da literatura; así que o diálogo vén de lonxe e para min foi bastante lóxico facer o doutoramento en Belas Artes. Xa nunha das miñas primeiras creacións escénicas en solitario en 1999, na peza *Mullerona*, a referencia incluso no propio nome –ademais do alcume que adoito utilizar– facía alusión á obra *Hon* de Niki de Saint Phalle de 1966, cando creou unha escultura xigante do corpo dunha enorme muller que tiña diversas estancias que se podían visitar no seu interior, ás que se podía acceder a través da súa vaxina.

Tes colaborado con diversas compañías e, actualmente, formas parte do colectivo VACA-burra, que fundas xunto a Andrea Quintana. Como e con que intención xurdiu a idea de conformar este proxecto común?

Adoito desenvolver traballos para outras compañías ou colectivos á parte de continuar con proxectos que parten totalmente de min, ou nos que escollo máis os puntos de partida. Unha cousa non quita a outra, senón que completa e enriquece continuamente o traballo e a miña propia evolución e aprendizaxe. En moitas ocasións, a implicación e o grao de achegamento á creación vai depender do proxecto concreto e de como se desenvolva, máis que de quen parte a idea inicial. O proxecto VACA-burra nace nesta liña, de colaboración con artistas afíns como Andrea Quintana, onde defendemos linguaxes escénicas contemporáneas, bastardas, onde compartimos loita e hai un grao de implicación persoal moi elevado. É un proxecto que, a pesar de xestarse hai poucos anos, leva bastantes creacións ás costas que parten tanto de Andrea Quintana coma de min mesma, e que están abertas ao traballo con outras artistas. Así, levamos estreadas as pezas *O raro é que bailar sexa raro*, que é un só de danza contemporánea de Andrea Quintana; *Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos*, que unifica teoría e praxe mesturando linguaxes e levando a escena moitas das inxerencias da miña tese de doutoramento, na que estamos as dúas en escena. A peza *Extravíos*, danza na rúa, onde Andrea está acompañada dunha *ukestra* de ukeleses, a Ukestra do Medio, ou a peza *Festina Lente*, creación de Andrea Quintana acompañada de Clara Ferrao en escena que acaba de estrearse hai uns meses.

Nalgunha ocasión comentaches que a arte é política. Se pensamos en moitas das túas propostas, como por exemplo *Nómades*, podemos confirmar esta intencionalidade. Trátase dunha obra para todos os públicos e con diversas capas de lectura. Varían as reaccións coa peza en función do contexto no que se representa e das persoas espectadoras?

Creo firmemente nesta intencionalidade política da arte, vexo a necesidade de reivindicar isto nun contexto en que determinados poderes de dereitas e das oligarquías económicas se esmeran por desprestixiar e acadar a desafección política por todos os medios. A busca nas pezas escénicas da reivindicación, da crítica e dun claro posicionamento político paréceme a base do traballo e así, por suposto, se ve en *Nómades* de Xarope Tulú, que creamos xunto a todo o equipo implicado no proxecto. É unha creación colectiva que xira arredor da identidade, a como transgredir os estereotipos de xénero e as lecturas unívocas dos corpos, romper os moldes, dirixido a todos os públicos e en especial á rapazada que non adoita contar con espectáculos que traten estas temáticas. Xarope Tulú, neste sentido, ten un traballo moi importante, moi coidado e moi valente, dirixido a estes públicos, que reciben con grande interese os seus espectáculos, e que teñen un punto de partida lúdico, divertido, con linguaxes encadradas na mestura sen esquecer unha clara visión crítica.

O humor é outra das claves. Consideras que é unha ferramenta máis accesible á hora de tratar certos temas?

Considero o humor como outro dos eixes claves e imprescindibles cos que traballo. Non entendo a vida sen humor como non entendo a escena tampouco sen el. Para min é unha ferramenta transversal, moitas veces pouco valorada e analizada dun xeito superficial e da cal as mulleres seguimos a estar bastante expulsadas. Existe o humor con moitas capas de discurso que busca tocar de xeito convincente temas moi concretos, chegando a lugares difíciles de chegar con tanta inmediatez e contundencia con outras ferramentas. Ese é o humor que me interesa, o que eu chamo ‘humor bisturí’ con todos os aderezos posibles e achegas da retranca e do humor negro, engadindo capas de significado a unha aparencia sinxela e co que se poden abordar toda clase de temáticas.

Que outras estratexias empregas para poñer en relación todas as engrenaxes estéticas e interpretativas dun proxecto?

Creo que cada proxecto ten unha estrutura, unha orixe e unhas formas diferentes, polo que as estratexias que se seguirán serán moi diversas. Eu veño de traballar principalmente en proxectos de creación, tanto en linguaxes máis achegadas á danza como ao teatro pero, case sempre, un teatro que non parte dun texto escrito *a priori*, e se o fai é un texto aberto a ser manipulado, traballado e mastigado para que se integre cos demais elementos. A creación vaise conformando no proceso e o texto non ten por que ocupar o lugar central do espectáculo. Así foi, por exemplo, con *Elisa e Marcela* con A Panadaría ou máis recentemente con *Comando*

Nómades da cía Xarope Tuli; fotografía non sei o nome ten unha marca na propia imaxe



Comadres con Matrisohka Teatro; no que respecta ao texto faise un traballo de dramaturxia a pé de escena e case sempre de creación conxunta que vai xurdindo na sala de ensaio con improvisacións e con moitas revisións e axustes á interpretación. Penso que hai que apostar por este traballo na sala de ensaios e non vir con todo pechado de antemán, deixar que a dramaturxia se vaia construíndo acorde a como tamén se van desenvolvendo os demais elementos e o traballo co equipo.

Un dos obxectivos do teu traballo é dar visibilidade á diversidade sexual, como ocorre no caso de *Elisa e Marcela*, e atacar o pensamento hexemónico, como en *Comando Comadres*, entre outras. Nelas traballaches con profesionais e compañías que buscan reverter unha situación de desigualdade e normalizar todos os corpos, xéneros e formas de sentir e de pensar. Consideras que as artes escénicas son máis acaídas ca as artes plásticas para transmitir ou concienciar sobre determinados valores?

Creo que todas as artes son susceptibles de ser utilizadas con este fin, na busca de transmitir determinadas mensaxes, e que cada unha conta cunha serie de características que favorecen un punto de vista diferente. O que creo que poden achegar de singular as artes escénicas é a propia mestura de linguaxes que a constrúen, que poden ser aproveitadas desde moi diversos ámbitos e desde a inmediatez do diálogo co público. Non hai que esquecer que nas artes escénicas se produce un diálogo en vivo e en directo nun acto colectivo escollido por ambas as partes e isto, para min, non deixa de ser un pequeno acto revolucionario ou susceptible





de selo. Así, nos casos que comentas como o de *Elisa e Marcela* con A Panadaría e *Comando Comadres* con Matrisohka, partindo ambos dende a creación propia e dirixidos a todos os públicos, tírase de ferramentas diversas que van dende a linguaxe física e musical, o texto, o corpo e a plástica, segundo as características e os intereses do equipo que o conforma e segundo o obxectivo principal na transmisión da mensaxe que, no meu caso, aínda que sempre vai beber dos feminismos vai ter en conta os matices e as peculiaridades de cada creación como no caso de *Elisa e Marcela* centrado na visibilidadelésbica.

A diferenza das artes plásticas, que habitualmente entrañan un proceso creativo máis íntimo, desenvolvido polo propio creador ou creadora, no caso das artes escénicas adoitan ser máis as persoas implicadas na creación. Como valoras o traballo con outros profesionais?

Creo que unha das cousas que máis me interesan das artes escénicas é o seu carácter colaborativo, esa creación en equipo que necesita de creadoras e creadores que poden provir de ámbitos moi diversos como a plástica, a arquitectura, a performance..., e dos que podemos establecer sinerxías, nutrirnos mutuamente, nas que todos os campos importen e, en último caso, fagan que o traballo creativo saia beneficiado e que sempre van achegar novas capas á idea inicial. De todos os xeitos, creo que en case todas as disciplinas artísticas hai un interese máis ben de mercado e de tradición patriarcal que busca remarcar a autoría e a figura dun creador-xenio, único e omnisciente, cun copyright co que poder mercadear máis facilmente. E isto vese, quizais dun xeito máis claro, nas artes plásticas, pero non hai que esquecer



Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos da VACAburra; fotografía Manuel G. Vicente

os movementos colectivos e as correntes artísticas no mundo das belas artes, nas que as colaboracións e as mesturas estaban –e están– á orde do día, e que axudaron a romper as expresións máis hexemónicas da arte en moi diferentes épocas da historia.

A nivel visual, nas túas obras apréciase unha tendencia cara á ausencia de ornamentación na escena, resolta habitualmente con fondos mínimos e elementos básicos. Pensas que o abuso de elementos decorativos poden distraer o espectador/a da mensaxe que queres transmitir?

Creo importante partir de certos obxectivos e liñas de traballo que priman uns elementos sobre outros pero que, en todo caso, non necesariamente teñen que excluílos. Quizais o entenda máis como unha especie de estrutura modular de chanzos, onde se parte do sinxelo, do esencial, do que considero imprescindible na escena, onde prevalece o traballo das intérpretes, a linguaxe dos corpos, o que se quere contar, o punto de vista crítico, e despois, unha vez establecidos estes, podemos seguir traballando outros chanzos que poden incluso chegar a converterse en parte esen-

cial. Tamén hai que ter en conta que cada proxecto require unhas cousas determinadas e, ademais, non sempre se teñen as posibilidades económicas que permiten desenvolver un traballo plástico complexo ou conformar unha estética moi elaborada a nivel formal. Non é un dos meus primeiros obxectivos e recoñezo que insisto bastante na máxima do 'menos é máis' en case todas as facetas, e desboto o exceso de floreos e de ornamentacións que nos últimos anos domina moita da escena, quizais en detrimento dunha mensaxe máis elaborada e profunda.

Outra cuestión clave son as relacións entre o corpo e o son, os movementos e os ritmos que se xeran entre ambos como nun diálogo conxunto. Como entendes e traballas estas conexións?

Entendo o corpo, as corporalidades, como un eixe esencial do traballo escénico, creo que é un dos aspectos no que máis atención hai que poñer, en como o corpo se relaciona co movemento, coa palabra, co son e acaba por conformar o ritmo dos espectáculos. Eu veño das linguaxes contemporáneas, de relacionarme sempre coa danza, tanto como intérprete dende



moi nova en Matarile Teatro –unha das poucas compañías de teatro contemporáneas que hai en Galicia e das máis antigas–, no traballo no Teatro Galán ou no En Pé de Pedra, onde sempre estabas rodeada de creacións que traballaban con linguaxes mesturadas e case sempre cun marcado eixe na corporalidade. E así fun desenvolvendo tamén o meu propio traballo partindo de aí, case sempre, e reivindicando a validez do corpo, do movemento, tratando de coidar as conexións que xorden dende el.

A túa performance *Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos* é unha adaptación á escena da túa tese de doutoramento *Sexualidades des-xeneradas na práctica escénica contemporánea*. Trátase de metodoloxías formais moi diferentes. Como foi o proceso de trasladar a tese do papel á práctica escénica?

Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos é un traballo que foi xurdindo, pouco a pouco, ante a necesidade de validar a linguaxe escénica, como ámbito no que poden confluír a teoría e a práctica dun proxecto de investigación no marco dun doutoramento. Penso que este tipo de investigacións deben ter un proceso

de transmisión de coñecementos ao público, compartir coa máxima xente posible os procesos realizados e que mellor lugar para facelo que a escena, que permite xogar con formatos moi diversos como a conferencia performativa que vertebra esta peza. Trátase, ademais, dun traballo en proceso continuo do que se fixeron varios borradores, iniciados no marco das *Residencias Paraíso do Colectivo RPM*, pasando por un formato máis dixital no marco do *Ciclo V. O. de Escena y Pensamiento Queer* (organizado polo Curro DT e La Fabulosa), ata a súa estrea no Festival Internacional Plataforma, e co que imos estar no marco universitario da UMA de Málaga e no Festival Internacional de Cine e Artes Escénicas Zinegoak.

Actualmente estás a desenvolver un proxecto xunto a Brigitte Vasallo no marco da Residencia Nau Ivanow, no que exploras, desde o teatro documental, a pegada da Guerra Civil e o franquismo empregando como metáfora o mito de Ariadna. Poderías contarnos máis sobre ese proxecto? Por que decidiches tratar ese tema a partir do mito grego?

Este proxecto, *Trilogía de Naxos*, parte dunha idea e dun traballo que Brigitte Vasallo leva desenvolvendo dende hai tempo, no que me convidou a participar. Brigitte levaba feito un traballo de investigación brutal, no que foi un pracer navegar e do que aprendín moitísimo, non só sobre o contexto da temática, senón tamén das persoas ás que Brigitte entrevistou e cuxas testemuñas conforman unha das partes da peza. Un dos eixes do que se partiu foi dun texto escrito por Brigitte que navega arredor da condición *txarnega* entendida como metáfora do esquecemento, como rastro dunha diáspora forzada no contexto da Guerra Civil. Fala de silencios e de persoas que perderon a pertenza, as raíces e a memoria e revisita, dun xeito moi intelixente e pouco habitual, o mito de Ariadna, non para explicalo doutro xeito máis, senón para desmentilo. Podo dicir que se trata dun texto incisivo, cargado de retranca e profundidade co que foi un agasallo traballar e que foi un proxecto deses de inmersión total de todo o equipo, no que están en escena a propia Brigitte acompañada de Concha Milla e tamén Laura Iturralde no espazo, iluminación e audiovisuais. É a primeira parte dunha triloxía que espero que teña continuidade no futuro e da que espero seguir formando parte.



Imaxe de Gena Baamonde: fotografía Andrea Quintana

**FÉLIX
FERNÁNDEZ**

Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Vigo, Félix Fernández completa a súa formación en danza contemporánea e performance con creadores do talle de Marina Abramóvic, Johannes Deimling, Elena Córdoba ou Esther Ferrer. Falamos dun artista que traballa desde o cruzamento entre disciplinas onde conectan o vídeo, a música, a danza e a performance, onde a experimentación continua e a exploración de novas linguaxes son un dos seus principais sustentos creativos. Interesado na reflexión sobre a realidade na que se inscribe, os seus traballos proxectan problemáticas comúns que se constrúen habitualmente desde a narración autoficcional e que penetran no público espectador a través de diferentes capas de lectura.


Os seus traballos expuxéronse individualmente en espazos como o Museo de Arte Contemporánea da Fundación Gas Natural Fenosa (MAC) na Coruña, o Centro Torrente Ballester de Ferrol, o DA2-Domus Artium de Salamanca, o Museo Provincial de Lugo, a Galería El Museo de Bogotá (Colombia) ou o Centro Cultural de España de Montevideo (Uruguai). Gozou das bolsas de residencia Azala en Vitoria e no espazo DT de Madrid, e tamén foi galardoado co premio Encontro de Artistas Novos de Cidade da Cultura (Santiago de Compostela, 2014) e beneficiario da bolsa Gas Natural Fenosa, coa que realizou estancias en Berlín e Nova York. Como *performer*, participou en eventos como o Festival TNT en Terrassa, o Festival Corpo a Terra de Ourense, o Festival Escenas do Cambio na Cidade da Cultura, o Festival de Primavera en Danza do Teatro Rosalía de Castro (A Coruña), Performing ARCO en IFEMA (Madrid) e actuou en diferentes espazos como Matadero Madrid, o Center of Contemporary Art of Tel Aviv (Israel) ou o Instituto Cervantes de Toquio, entre outros.

Comecemos falando da implicación social das túas propostas, que exploran preocupacións compartidas partindo a miúdo de experiencias cotiás. Traballas co contexto que te rodea para despois extrapolalo ao resto. Simula unha sorte de ponte entre ti e as demais persoas, pero tamén entre o teu eu individual e o teu eu artista.

Eu realmente estou inscrito nun tempo e unha realidade moi concretas, son un artista do meu tempo e gústame ser así. Interésame facer reflexións sobre o que me rodea e creo que, dalgunha maneira, a todas as persoas pásanos esencialmente o mesmo, aínda que con moitísimos matices. É dicir, cada persoa aborda unha problemática desde unha óptica, que é a subxectividade, e esta para min é moi interesante, como tamén ver como nos enfrontamos á vida cunhas circunstancias concretas: o que nos implica o tecnolóxico, o social, o turbocapitalismo no que estamos inmersos... Todas estas cuestións son preocupacións latentes tanto no meu traballo como no meu día a día. Para min arte e vida están completamente ligadas e non podo deixar de abordalas.

O teu corpo funciona como eixe principal. A túa imaxe, o teu retrato, aparece moitas veces intervido adquirindo diferentes roles que convidan a revisar conceptos de identidade e xénero e a repensar os estereotipos establecidos arredor do individuo. Como te sitúas e de que maneira canalizas estes discursos a través da práctica artística?

Eu empecei traballando coa identidade e creo que todos os artistas reflexionan sobre isto, pero algúns dunha maneira máis formal e outros de forma máis autobiográfica. Eu traballo desde o autobiográfico, pero gústame moito a ficción e a autoficción: a construción de certos personaxes que me axudan a expresar cousas simbolicamente. Son personaxes que, polo xeral, sempre teñen como un *algo* que en esencia expresa algunha preocupación. Isto fai que sintetices esa forma de enfrontar a vida. En relación co xénero, como artista homosexual creo que se non fas caso ao que realmente es en esencia, estás a desaproveitar unha oportunidade, estás a interpretar unha especie de papel imposto por outros para que estean contentos os demais. Eu sitúome un pouco neste sentido. O xénero binario home-muller non pode funcionar no momento actual porque existen outras identidades ás que hai que mirar. Xa os gregos, incluso os indios norteamericanos en certas tribos, tiñan varias diferenciacións identitarias sexuais, falaban dunha gradación. Porque no fondo ese binomio hipermasculino e hiperfeminino acábanos encadrando en algo que moitas veces xera frustración. Femias alfa ou machos alfa non hai tantos, é unha construción estereotipada que responde a uns códigos moi marcados polo social. En moitos dos meus traballos fago referencia a iso. Cando a norma marca parece que estás obrigado a seguir esa norma e iso provoca que non esteas a escoitar as cousas que pasan interiormente. Eu non digo que non teñamos que estar inscritos no social, pero o social tense que adaptar a quen o habitamos e non ao revés.



"Jean Fixx" en el vídeo "Materialización para la eternidad" (2012), Créditos: Ruben Panete e Félix Fernández

Proxectos como *Room4* (2015) e *Composición en forma de escape para 4 dispositivos móbiles y un monte* (2014) aluden ao illamento do individuo nunha sociedade onde o mal uso das redes sociais nos conduce á dependencia tecnolóxica e á incomunicación. Aquí expós un futuro antiutópico, por outra banda moi propio de *Black Mirror*. En que momento nos situamos en canto ao uso das tecnoloxías?

Neste momento teño un dilema respecto diso. Ultimamente centreime moito en traballar coa distopía, creo que esta funciona a modo de aviso do terrible que pode chegar a ser unha deriva. Con todo, son dos que pensa que construímos a realidade na que vivimos e se estamos todo o tempo creando ese imaxinario distópico corremos o perigo de invocalo. Entón, non sei ata que punto estou a ser partícipe desa distopía, polo que decidín hai un par de anos empezar a positivar o discurso, a proxectar máis en cuestións arredor da utopía. En relación co illamento do individuo, penso que é algo moi sintomático que vai tocar fondo nalgún momento. Ogallá veña un cambio de tendencia deste individualismo extremo no que estamos, a pesar de estar todos hiperconectados en rede. As redes ben utilizadas poden ser fantásticas, o problema é cando proxectamos cara aí toda a nosa vida. Nese sentido valoro moito o contacto persoal. É complicado chegar a facer un bo uso e non un abuso. Penso que, ao final, todo consiste na aplicación que as persoas poidamos facer das ferramentas que temos. Ás veces somos nós mesmos os que acabamos chegando a ese futuro distópico pola nosa incapacidade de manexar o que temos ao noso alcance, que pode ser unha arma moi potente.

Encántame porque o creador de *Black Mirror* falaba de que é coma se fôsemos nenos pequenos aos que deixaron sós a fin de semana na casa. Creo que estamos nun punto de experimentación e ás veces de descoñecemento dos perigos do mal uso das tecnoloxías, talvez como noutros momentos de revolución e descubrimento histórico como puido ser o lume. Por exemplo, en *Room4* falo moito diso: son tres personaxes que están encapsulados no seu mundo individual e un deles ten un punto máis relacional-presencial, que é a través do cal sitúo a esperanza. En *Composición en forma de escape* o que propoño é unha fuxida, un individuo que tenta escapar e que é falsamente rescatado.

Ben, isto son como maneiras simples de ler os meus traballos. En case todas as miñas obras hai unha forma de lectura moi básica e despois outros subtextos. Encántame que haxa todas esas posibilidades de lectura, desde algo fácil que permita conectar de forma moi directa ata reflexións máis profundas, capas de contido situadas nos traballos como se dunha cebola se tratase, que se queres indagar máis podes chegar a cuestións máis sutís ou esenciais; cuestións que eu sei que están aí e que conforman todo o imaxinario. E todo isto ten que ver co meu interese pola mestura da alta e a baixa cultura, nun todo, que conforma algo moi democrático, porque penso que a arte non debe estar exclusivamente dirixida a un estrato social ou económico.




“Constantes del porvenir” (2021-2022). Créditos: Leo López

Dalgún modo esas capas das que falas, esa primeira lectura que é máis accesible a calquera persoa, pode chegar a enganchar e a provocar unha segunda lectura. Se como espectadores/as nos atopamos con algo que somos incapaces de descodificar, pode pasar que perdamos o interese, mentres que se se nos ofrece unha parte que xere esa empatía co público espectador pode orixinar un camiño máis longo.

Totalmente. A min encántame redescubrir novas formas dentro da narración e da estética, tamén me interesa a investigación sobre a propia linguaxe da arte pero son máis un autor de contidos. A nivel de forma son máis clásico, adoito recorrer á narración como elemento principal. A narración é unha ferramenta comunicativa fundamental que a arte contemporánea non debería refugar.

Outro dos aspectos determinantes na túa obra son a importancia da coreografía e o coñecemento da linguaxe corporal. Tras estudar na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, fórmaste en performance e danza contemporánea con diferentes artistas. Como se comunican ambas as linguaxes e que achega cada unha?

Para min o corpo está moi presente no meu traballo, é a interface que temos para desenvolvernos nesta realidade; é o que nos dá o sustento para poder habitar neste espazo-tempo, e a coreografía é unha sucesión de diferentes eventos no tempo e no espazo. O feito coreográfico xa estaba inscrito dentro dos meus vídeos desde o principio e é algo que cada vez está máis presente no que fago, porque ten algo máxico. Interésame



como se van presentando as cousas na secuencia temporal, entender como o corpo é capaz de comunicar por si só mediante os xestos, as posicións, o movemento, a enerxía... Da miña formación con todas as profesionais que tiveron algo de cada unha, gústame incorporar cousas doutras artistas e non teño ningún complexo en dicir que teño moitísimos referentes.

De feito, colaboraches con creadores de diferentes ámbitos, non só da danza, senón tamén do cinema ou da música. Moitas veces enténdese o traballo do/a artista plástico como o dun ente illado no seu estudo producindo para si mesmo, algo que non podemos aplicar no teu caso.

Non. É verdade que cada vez son máis híbrido, non me gusta encadrarme. Gústame explorar novas linguaxes e posibilidades e cando dedico tempo a un tema ou forma artística concreta logo procuro facer algo diferente. Non me parece negativo que funcione unha serie ou un estilo concreto dentro dunha demanda social, pode ser unha boa concesión comercial e non hai que perder de vista que os artistas tamén temos que alimentarnos e pagar facturas. Con todo, se só te limitas a facer o que pide o mercado, podes chegar a aniquilarte como artista. Habería que buscar un punto intermedio.

Deberían as artes plásticas tender máis a relacionarse e a abrirse a outras disciplinas?

Eu veño das artes plásticas, pero o meu desexo intrínseco desde pequeno era facer de todo. Encantábame facer programas de radio, inventarme cancións, facer obras de teatro... Penso que a arte contemporánea está moi ensimesmada, que hai algo de mirarse moito

o embigo. Eu creo no termo creación contemporánea. Hai pouco lía unha entrevista a Peter Greenaway na que lle preguntaban como se definiría e dixo algo así como que aínda se estaba buscando. É unha persoa que non se quere encadrar ou limitar a un formato porque ten diferentes formas de expresarse. Tan lexítimo é que pase iso como que pase o contrario. Creo na hibridación, por exemplo o concepto de artes vivas, cobre un espectro moi amplo que cada vez vai ter máis peso. E cando falo de hibridación falo de interconexión. A creación contemporánea fala diso. Agora mesmo, por exemplo, estou fundamentalmente a crear música e a deseñar unha aposta para presentar esta música en directo. Os sons lévannos a paisaxes; paisaxes sonoras... Que diferenza hai entre iso e un cadro de Pollock, por pór un exemplo? Creo que todo está tan unido que se volve absurdo diferenciar. Que existan categorías non é malo pero que sexan permeables.

Falando de música, tes un alter ego, Jëan Fixx, co que actúas en diferentes salas e eventos e que ten tamén que ver co que acabas de falar da permeabilidade. Que puntos comparte e en cales se distancia da túa faceta como artista?

Jëan Fixx foi un personaxe estetizado como unha superestrela do pop que creei para un vídeo meu chamado *Materialización para la eternidad* (2013), e xerei unha publicidade falsa sobre este artista conseguindo que se publicasen algunhas recensións en diferentes medios sobre el. Propúxenlle ao meu amigo Rubeck sacar un lanzamento dese artista, démoslle unha identidade e naceu cun tema que Rubeck me prestou. Ao principio non pensaba que ese personaxe volvería ter vida, entendíao como un proxecto illado. Despois fixen

unha *performance* na feira JustMad na que Jëan Fixx chegaba rodeado de gardacostas, e líase unha especie de nota póstuma sobre a súa morte. Un ano despois fixen unha *performance* que se chamaba *Sesión de muerte y destrucción* (2014) con oito cancións que falaban sobre o tema da morte. Utilicei a Jëan Fixx para picar as cancións e fixen unha acción na que bailaba interactuando coa música. Comprei unha controladora para facer a *performance* e deime conta de que realmente me gustaba moito aquilo e así empezou todo. Non foi algo premeditado, senón que se foi dando co tempo. Seguí facendo sesións coma DJ e xa dende 2018 me puxen a producir os meus propios temas e publiquei dous álbums curtos, *Uncanny Valley* (2018) e *Globalizer* (2020), e este ano o meu primeiro LP: 2084. Gústame moito traballar con música e son porque entro no campo da abstracción formal e isto libérame bastante da presión do conceptual.

Desde a unión de música e danza tamén xorde *Technocracia*. Que nos podes contar desta proposta?

Technocracia que é unha proposta escénico-participativa da Compañía Funboa Escénica que creamos Cris Balboa, Manuel Parra e mais eu, para abordar a festa como lugar de comunión, como lugar de reprogramación mental e de ruptura co cotián, onde o *techno*, o movemento e a masa se xuntan para xerar unha práctica colectiva onde bailar xuntas co público. Esta proposta en clave de *site-especific* naceu da necesidade de suar xuntas despois do confinamento, e xa percorremos de norte a sur a península con esta aposta tan arriscada onde a enerxía do público é tan necesaria para que se leve a cabo como a que nós poñemos en cada experiencia.

Desviando o tema cara ao plano máis formal dos teus traballos, nas túas primeiras pezas aprécia-se unha tendencia máis barroca en canto á escenografía que despois se vai depurando. Houbo unha evolución en canto á linguaxe, a narración e a sofisticación das túas obras.

Curiosamente, sempre me considerei unha persoa bastante *minimal* e creo que tendo cara a iso pero é verdade que ás veces paso ao outro lado. Interésame o minimalismo esteticamente e o «menos é máis». Pero vivimos nun momento moi barroco a nivel histórico, cheo dunha variedade tan grande de inputs e estímulos que fai que finalmente traballemos sobre iso. Pero non me gusta o que representa o barroco a nivel sintomático. E, si, recoñezo que os meus traballos son cada vez máis sofisticados. Creo que os artistas adoitamos ser máis frescos a nivel de linguaxe ao principio e cando empezamos a madurar a nosa linguaxe vólvese máis refinada. Agora todo o que fago pénsoo moito máis, co cal os procesos de produción son moi diferentes e máis elaborados que os traballos do principio. En todo caso, sempre estou reformulando o que estou a facer e non descarto cambiar de rumbo nun momento dado.

Outro punto do que nos gustaría falar é o do teu perfil como xestor ou mediador cultural. Formas parte do Colectivo RPM (A Coruña) desde o que buscas construír ferramentas comúns de práctica e reflexión colectiva sobre o territorio no que vivimos. A través de RPM realizastes proxectos entre os que destacan as Residencias Paraíso, para potenciar as artes do movemento en Galicia. Como nacen e que necesidades cobren estas residencias?

Para min formar parte do Colectivo RPM é unha bendición, traballo con xente á que admiro e coa que é moi estimulante traballar. E en relación coas Residencias Pa-





raíso creo que estamos a facer un traballo contextual tremendamente necesario; facemos o deseño do proxecto pero tamén actuamos como mediadores, colocándonos entre a institución e os artistas para que os proxectos culturais en relación coas artes do movemento en Galicia poidan ser posibles, dotando de recursos para a creación contemporánea e a investigación, facendo unha aposta polo que é o traballo artístico desde o proceso. Estamos a tecer unha rede de espazos cómplices, teatros, auditorios e centros culturais, nos que antes non se adoitaban facer residencias artísticas. Colectivo RPM naceu dunha gran vontade de traballo para a comunidade. Estamos a facelo porque realmente cremos que é algo necesario e que repercute positivamente na situación cultural galega e na nosa conexión co resto do territorio español.

Outro aspecto que traballades é a relación coa comunidade local. No proxecto *Campo magnético* (2015) foi interesante como a experiencia de visualización xerou un ambiente que chegou a contaxiar ao público.

De feito, Colectivo RPM naceu con *Campo magnético*. Xa traballaban xuntos Caterina Varela, Alexis Fernández (Maca), Rut Balbís e Andrea Quintana, e decidiron encargarme dirixir unha acción para traballar cunha serie de bailaríns da cidade. Eu fixen unha reflexión sobre o colectivo, o comunitario, e pensamos en convocar persoas de diferentes ámbitos da danza para crear unha acción conxunta. Primeiro publicitamos o evento por toda a cidade e fóronse xerando moitas ganas de ver iso que ía pasar. Fixémolo no barrio da Sardiñeira, un sitio onde non é habitual que sucedan esas cousas. Queríamos que fose algo deslocalizado, que non fose no centro da cidade, e conseguimos que acudise moita xente do barrio. Foi algo moi bonito e creo que temos que volver crear outra experiencia colectiva do mesmo tipo. Houbo unha implicación emocional por parte

do público que creou moita enerxía e logramos que a xente entrase dentro diso.

Imaxino que tamén vos favoreceu o feito de que fose un proxecto horizontal, ao ar libre, sen bancadas... Dalgunha maneira a xente séntese máis interpelada.

Si, son necesidades das novas formas de representación. Nos teatros fálase moito de que ten que haber certas modificacións espaciais, que as bancadas se poidan cambiar de lugar, etc. A creación contemporánea esixe moitas veces outra maneira de mirar.

Para rematar, gustaríanos que nos falases dos teus últimos proxectos, que sabemos que son moitos!

Teño que dicir que foi unha *performance* única, colaborativa e procesual. Foi única porque é arriscada e case imposible de repetir. Foi colaborativa porque contei coa participación activa de Manolo Eirín, José Nuévalos e o meu irmán Manuel Marticorena, sen os cales esta acción non se podería levar a cabo. Foi unha *performance* procesual que durou case unha semana desde que as crisálidas foron madurando ata o seu nacemento. Durante ese tempo acudiu a prensa, outros artistas, amigos e veciños. Había moita expectación porque, ao tratarse de seres vivos, a eclosión era algo que non se podía prever con anterioridade. Houbo moitos espectadores que seguiron o proceso, que víñan todos os días a ver se a cor da crisálida cambiara de verde a negra, momento no cal levaría a cabo a acción. Tamén houbo moitos nenos que o vían como un descubrimento e percibían a *performance* desde o asombro e a inquietude.

É unha metáfora moi poética da que xorden reflexións como a natureza do tempo, a idea de ritual, o sacro, a metamorfose...

Foi unha *performance* moi arriscada á hora de executala. Un proxecto que xorde da beleza e do amor pola natureza, onde os protagonistas son seres vivos, as crisálidas que se convierten en bolboretas. Aparece a metáfora do casulo como xerador de vida, pero tamén a súa connotación nun sentido pexorativo no contex-



Maria Marticorena, 2006

to social. Aquí xérase unha especie de microcosmos da sociedade. Podería suceder que as bolboretas non nacesen, de aí o risco. Pero si naceron. A xente puido ver o nacemento desas bolboretas en directo no meu propio corpo. Aquí reflíctense o nacemento, a vida e a morte nun ciclo moi curto e lévanos a pensar no poder que ten a natureza de transformar.

Heiche de tocar as cunchas (2019) é un exemplo do interese por involucrar as persoas durante a acción. Neste caso interactúas con diferentes colectivos, desde nenos ata asociacións de mulleres ou público xeral. Unha performance na que empregas a simboloxía cristiá e a cuncha de vieira para lanzar diferentes preguntas. Como se vai conformando a acción con cada un destes públicos e que lecturas xorden dela partindo de perfís tan diversos?

Como xa sinaléi, o tipo de público determina totalmente a evolución da *performance*. Á que aludes en concreto, trata a temática do Camiño Inglés e realizouse no Museo do Traxe Juan José Linares e na praza pública de Ordes (A Coruña). Consistiu en coser e preparar os traxes que levarían os nenos na acción xunto con diversos obxectos como cunchas e patinetes de madeira. En canto á colaboración co colexio, tiven a necesidade de afrontalo en tres etapas. Unha primeira a nivel didáctico, en colaboración con Bea Romarty, que realizou un contacontos introdutorio do tema e do contexto. Unha segunda etapa máis técnica, na que tratei cos estudantes a historia do Camiño de Santiago Inglés, o meu traballo como artista e introducinos na *performance* en cuestión. E a terceira fase consistiu na realización da acción final.

É moi necesaria esa implicación didáctica no campo das artes contemporáneas para romper as barreiras e os estereotipos, ademais de para construír novos espazos de reflexión. No caso da performance, pode ser ademais moi útil e divertido por esa parte dinámica que contén.

A miña maneira de entender a arte sempre implica acción e dinamismo. Sempre combinei a miña actividade artística coa docencia. En relación cos meus alumnos e co público máis novo, intento estimular o intelecto, a creatividade e outras maneiras de facer, desenvolvendo o pensamento diverxente, que nos fai ser xenuínos e orixinais. A arte de acción é unha disciplina artística pouco coñecida no ámbito escolar, pero que sen dúbida ten un gran potencial á hora de introducir a arte contemporánea na escola. Todas as artes visuais, e moito máis na sociedade actual, son especialmente motivadoras e divertidas para os nenos e as nenas, pois permítelles implicarse activamente e non desde un punto de vista máis individualista e pasivo. En ocasións, o feito de explicarlles a arte de acción, as miñas obras e responder a todas as súas preguntas, convértese nunha experiencia artística moi didáctica.

Para finalizar, se mirásemos en retrospectiva a túa traxectoria desde os primeiros anos da década de 2000 ata hoxe, como dirías que evolucionou o teu traballo ou intereses artísticos e que referencias manexas actualmente?

No meu caso, esta evolución está moi relacionada coas experiencias que vivín, as viaxes, a xente que fun coñecendo e a formación que adquirín. Pero máis aló

da miña propia biografía, dados os enormes cambios que vivimos socialmente, teño a necesidade de reformularme moitas cousas, incluíndo aspectos relacionados co meu traballo e a miña actividade artística. A sociedade evolucionou e evolucionei eu, aínda que non sempre as ideas que imperan na sociedade son as que manexan a miña vida. Pero de todos os xeitos son consciente de que a arte de acción debe ser comprometida e controvertida. O compromiso debe ser tanto coa sociedade coma comigo mesma. Actualmente os meus intereses artísticos foron evolucionando, desde a miña propia introspección, a tentar comprender, e ao tempo transmitir, o que eu entendo que é a verdadeira natureza da realidade. Interésame reflexionar sobre aspectos como a evolución cara ao transhumanismo e a imposición dunha ideoloxía de xénero que na miña opinión vai en contra da esencia mesma e o espírito do ser humano. En canto ás miñas referencias actuais, debo admitir que se trata non tanto de persoas do ámbito artístico, senón de todas aquelas que, coma min, están atentas e observan a evolución do mundo e da sociedade, e están dispostas a manifestar as súas ideas e os seus ideais.

Ese momento de cambio no proceso artístico, que leva incerteza, sempre leva a unha evolución.

Calquera momento de cambio, na propia vida ou no proceso artístico leva incerteza, o que sempre implica unha evolución, como ocorre na metamorfose das bolboretas.



María Marticorena, 2017

BERIO
MOLINA

Berio Molina (A Fonsagrada, 1979) é artista e cineasta. Os seus traballos indagan as relacións entre a diverxencia, a linguaxe e a escoita.

Tras licenciarse en Belas Artes na Facultade de Pontevedra, realiza o Mestrado en Arte Dixital da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona e o Mestrado en Computer Graphic Design da Rochester Institute of Technology de Nova York. Dende 1999 interesouse pola creación colectiva e é membro do grupo de *performances* Flexo, do colectivo de estudos aurais Escoitar.org e do colectivo de arte e acción libre Alg-a. Compaxina a súa actividade artística coa investigación na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, onde desenvolve a súa tese de doutoramento sobre a escritura acusmática no contexto da xeración postalfa. Como parte deste proceso de investigación publicou en 2017 o libro *Setras*, froito do premio especial do xurado do Puchi Award concedido por La Casa Encendida.

No ano 2019 estrea a súa primeira longametraxe *7 Limbos* (xunto a Alexandre Cancelo) na X Mostra de Cinema Periférico (S8). Os seus traballos presentáronse en festivais internacionais como Festival Márgenes de Madrid, Istanbul International Experimental Film Festival, FIVA de Arxentina, LEM de Barcelona, ZEMOS98 de Sevilla e en centros de arte como o CGAC (Santiago de Compostela), Marco (Vigo), La Casa Encendida (Madrid) ou Laboral (Gijón).

Contas cunha formación extensa onde a música e as belas artes están presentes desde o inicio. A experimentación coas posibilidades do son desde a linguaxe plástica e audiovisual atravesa o teu corpus creativo. Como e cando comezas a establecer estes cruzamentos?

Na Facultade de Belas Artes. Supoño que foi porque me gustaba moito a música e facer colaxes. De pequeno o meu pai sempre estaba poñendo discos, a radio..., e eu tocaba a gaita co grupo da asociación cultural da Fonsagrada. Gozábao moito. Logo no instituto estiven moi enganchado co *grunge*, co *post-hardcore*, co *noise*... O meu tío Fernando, ademais, colleccionaba vinilos e ás veces regalábanos casetes con portadas feitas por el. Ao meu irmán e a min encantábanos, e comecei a facer o mesmo. Compoñía colaxes para as cintas e despois funo complicando construíndo caixas para os casetes con Meccano, madeira, queimando o plástico, furándoo etc.

Logo marchei á Facultade de Belas Artes e toda esa experimentación do ruído e o *hardcore* conectou moi ben co movemento futurista, John Cage, Zaj etc. Daquela esta cousa do son tampouco estaba tan estendida aquí e era emocionante descubrir cousas como a revista RAS de Cuenca, o Festival Zeppelin de Barcelona, Gracia Territori Sonor... Ao mesmo tempo, formamos o Grupo Flexo con amigos da facultade e aí si que xa nos dedicamos de cheo a experimentar co son.



Cada materialización ten as súas propias necesidades e particularidades e, por tanto, o resultado de elección e adaptación do son exprésase dun modo ou outro en función do proxecto. Como vas construindo as relacións entre o son e a formalización da peza?

Como dis, depende de cada peza. Lémbrome agora de como xurdiu o vídeo *Shellac. A minute. At action Park*, o cal foi bastante curioso. Estaba un día na clase recollendo unha acción que acababa de facer. Tiña un sensor de movemento que estaba conectado a unha cadea musical tirada no chan. Cando me puxen a gardar todo metínlle unha cinta do grupo Shellac para ambientar un pouco o momento. Subínlle tanto o volume que os altosfalantes da cadea comezaron a moverse cara a un lado. A forza do son e o ritmo entrecortado da música parecían marteladas que os empurraban. Era moi curioso de ver e como tiña alí a cámara de vídeo púxenme a gravallo. Coloquei a cadea no medio e aos lados cada un dos altosfalantes. Deille ao *play* e comezaron a moverse de novo. Primeiro un pouco cara adiante e logo cada un deles cara ao interior, de forma que simetricamente ían desprazándose cara ao centro. Xusto cando rematou a canción deixaron de moverse e quedaron perfectamente un ao lado do outro, no medio, cubrindo por completo a cadea. Era como unha coreografía perfectamente interpretada. Algo máxico. Como se a propia materia sonora adquirise autonomía e decidise facer o seu baile cunha linguaxe totalmente allea e independente. Igual isto son dúas cousas que sempre persigo nesa relación que comentas. A procura dun son ou estrutura propios dos obxectos, do momento, da acción, dese evento; e a ruptura coa linguaxe, é dicir, que a relación non se produza por unha codificación.

Isto que comentas ten tamén que ver co azar. Ademais, a utilización que fas do son nas túas pezas lembra, en certa medida, conceptos xurdidos coas vangardas musicais como a música aleatoria, que no teu traballo pode interpretarse desde un punto de vista actualizado.

Pode ser. A idea do aleatorio ás veces utilízoo para desprenderme de min mesmo e eliminar a intencionalidade. Por exemplo, agora imos empregar unhas bucinas de barco para unha peza que faremos soar varias veces ao día, pero non queremos que o fagan sempre á mesma hora porque o noso desexo é quitarlles a súa funcionalidade. Non queremos que sexan máis un sinal acústico, un aviso á comunidade (como as campás dunha igrexa), senón que provoquen outro tipo de relacións. Para axudar a conseguilo faremos cada día un xogo aleatorio que determine a hora á que teñan que soar. O aleatorio pode ser unha maneira de desfacerse da intención.

Desde as artes visuais, a experimentación sonora parece non estar completamente integrada nos circuitos máis oficiais. No propio día a día prima a linguaxe visual, só temos que atender as dinámicas das redes sociais e dos medios de comunicación para verificalo. Porén, a nosa pegada sonora está presente en cada xesto, aínda que en moitas ocasións poida quedar relegada a un plano secundario. Fálanos dos elementos que inflúen na percepción do son.

Hai moitísimas formas de entender a escoita e moitos artistas, músicos, filósofos..., que falan deses elementos: a necesidade de illar o son da súa fonte para

descubrir calidades novas na escoita reducida de Pierre Schaeffer; as facultades das resonancias na escoita do ultrasentido de Jean-Luc Nancy; as disonancias sociais na escoita proposta por Mattin; a total anulación semántica da escoita somnífera de John Cage etc.

A min non me gusta centrarme moito nalgún destes elementos, aínda que sempre me atraeu a escoita acusmática, que acontece cando oímos algo pero non vemos que ou quen o produce. Cando vivía en Vigo, recordo ir andando polo monte do Castro e, de súpeto, escoitar un son moi grave e afastado e non darme conta ata despois dun tempo que era a bucina dun transatlántico amarrado no peirao. Gústame moito escoitar de repente un son que non esperas e do que non podes ver o seu corpo. Nese sentido, penso que o son ten un poder de sedución moi forte sobre nós e unha gran capacidade para manipularnos, xa que pode interpelarnos en calquera momento. Cando se presenta dende a acusmática ten a capacidade, ademais de causarnos un gran desacougo.

Resulta interesante observar o diálogo que estableces entre o son e a materia para levar a cabo instalacións como *Escapes*, co que acadaches o primeiro premio no Décimo Premio Auditorio de Galicia 2017. Reivindicas outra mirada cara aos obxectos, unha fuxida do uso convencional.

Si, por suposto. Imaxino que isto é algo que reivindicamos todas as persoas que temos algún interese no experimental, entendido como ese proceso que descoñecemos como se vai desenvolver, como dicía Cage. Se é algo que se nos presenta ao descubrimento necesariamente ten que afastarse do convencional, ou

non, pero sempre ten que realizar algún tipo de xiro. É isto reivindicable? Eu creo que si, se partimos da percepción de que vivimos un tempo no que a linguaxe se volveu excesivamente lexible. As cousas e os eventos están demasiado suxeitos aos seus significados e usos explícitos, que chegan a resultar obscenos, dada a violencia que exerce sobre a diferenza. Se o descoñecido se volve censurable pola linguaxe lexible, debe de ser reivindicado. Somos nós, quen o percibimos, quen temos un problema de comprensión e de pobreza, non a cousa ou no evento en si que se mostra con toda a súa complexidade e riqueza.

Outro exemplo é o proxecto editorial *Setras*, onde vencellas a caligrafía coa acción sonora establecendo unha relación entre a letra, a escritura e o son.

Setras é un tratado para separar a escritura da fonética. Parte do alfabeto galego ou latino e utiliza un método moi sinxelo para que as letras, ao escribilas á man, deixen de representar o son, o fonema, e pasen a ser elas mesmas son. É un exercicio de escoita sobre o ruído que producen as letras ao escribilas, que ten unhas implicacións moi directas na linguaxe, xa que rompe coa representación fonética na que se basea. É o punto de partida da tese que estou realizando na Facultade de Belas Artes.

Como vai a tese? Cóntanos un pouco máis en que consiste e de que modo se relaciona coa túa práctica artística.

A tese é unha continuación de *Setras*. Para min é unha peza artística en si mesma. Consiste en separar a escritura da fonética. De facer que a letra deixe de represen-




Omnipresencia del tropicalismo, 2021.

tar un son para ser ela mesma son. De xeito que si, por exemplo, escribimos a letra o, non escoitemos o fonema o. Para conseguilo, parto dun proceso acusmático onde lle nego a visión á caligrafía. A tese profunda, tanto sobre os tipos de escoita e a idea do acusmático aplicado á escrita, como as novas formas que adquirirían as letras ao poñer o foco no seu propio son, sempre tendo en conta a situación de quen escribe. É a presentación dun método para afrontar a escrita dende a escoita da caligrafía.

Unha cuestión que habitualmente xorde a raíz dos estudos doutorais no marco das belas artes é a necesidade de complementar teoría e praxe, e de comprender a especificidade dunha investigación que parte do propio modo de facer de cada artista. Consideras que se dá a liberdade precisada no sector ou que é un formato con certo estancamento institucional?

Está claro que non é un sistema que se corresponda coas maneiras de pensar e as linguaxes coas que se traballa dende a arte, que non teñen unha metodoloxía tan estrita e que se basean precisamente en romper estas mesmas linguaxes. Temos a tendencia a facer da propia tese unha obra de arte e que cada unha funcione de xeito autónomo, o cal é moi interesante, pero aínda así a estrutura académica non é tan ríxida como para que non se poida adaptar. Existen as suficientes fisuras polas que coar os teus intereses e poder facer unha tese que responda ás túas investigacións artísticas. Outra cousa é que queiras entrar na competencia curricular, entón aí si que partes dunha clara desvantaxe, xa que non contas cunha infraestrutura tan validada e valorada (revistas de prestixio, editoriais, congresos...). Sería necesario que os criterios curriculares e de valoración se adaptasen ao contexto artístico.





Fubarta, 2017

No teu traballo tamén é importante a presenza do corpo, un corpo que activa e que ten unha profunda implicación performativa nas túas propostas.

Si, o meu gusto pola *performance* e o corpo vén, sobre todo, de Pablo Sánchez, que foi compañeiro na facultade e co que logo montamos Flexo. El era máis vello ca nós e foi quen nos introduciu nese mundo. Logo influíume moito un taller que impartira Esther Ferrer no CGAC no ano 2001. Ela contábanos que calquera acción podía ser unha combinación de tan só catro elementos: presenza, espazo, tempo e obxecto. Eu era a primeira vez que escoitaba o da presenza e encanto. Trasladeino non só ao corpo senón tamén aos obxectos, aos sons..., a todo. É algo difícil de explicar, mais penso que é aí onde hai moita da maxia que fai que te comuniques coas cousas sen necesidade de entrar na linguaxe.

Outra cuestión interesante é a reflexión sobre o contexto dos propios proxectos, a partir en moitos casos dunha análise do lugar onde se orixinan e dunha mirada en certo modo sociohistórica. Penso en instalacións como *Coro* (2017), *Fubarta* (2017), accións como *Bucorde* (2017) ou *Omnipresencia del tropicalismo* (2021) realizada en colaboración con Alejandra Pombo.

Non é algo no que me deteña demasiado. A idea dunha mirada sociohistórica en si prodúceme certo rexeitamento en canto que supón poñer o ser humano no centro do devir temporal e estético, e tendo a separarme de min mesmo, tanto como individuo, como colectivo, para poñer o foco nas relacións que se forman

eventualmente máis aló de construcións históricas e os seus prezados relatos. Aínda así, si que me interesa se intervén a linguaxe, algún feito sonoro, ou un evento o suficientemente autónomo como a existencia dun coro vogal no vello cárcere de Lugo (*Coro*). Máis aló de resignificar un relato sociohistórico, interésanme eses feitos concretos que por si mesmos teñen unha forte carga estética, neste caso provocada polo violento contraste entre un coro e un cárcere, que desencadea toda unha serie de evocacións políticas, sociais, emocionais..., sen necesidade de construír relato ningún.

Ao longo da túa carreira traballaches con moitos colectivos (colectivo de *performances* Flexo, Escoitar.org, colectivo de creación escénica áIntemperie etc.). Consideras este feito influente no desenvolvemento da túa obra? E, de ser así, en que elementos do teu traballo se poden ver reflectidos?

Para min, a arte é a forma que teño de socializar. É como mellor estou con outra xente, facendo cousas xuntos, senón son un pouco torpe. Normalmente non sei estar por estar cos demais se non temos unha finalidade conxunta, e como a arte é o que máis me diverte, pois socializo facendo cousas artísticas con outra xente. Neste senso, os colectivos son algo así como unha necesidade social. Por outro lado, tampouco teño claro onde están os límites do que é de un e dos demais, encantárame poder copiar o que quixese sen que a ningún lle parecese mal. Cando tocaba a gaita, ningún se molestaba porque copiáramos practicamente todo, aínda que, por suposto logo, cada un lle dese o seu toque persoal con maior ou menor intención. Sobre todo valorábase a súa *performatividade*, que era a que lle daba sentido. O simple feito de tocar a gaita xa era suficiente, enchíao

todo. O importante era estar inmerso nese momento, provocar unha conexión colectiva, e ti, como gaiteiro, eras consciente. É máis, a copia podía ser unha ferramenta que alimentase a *performatividade*, que multiplicase as presenza. Creio que a idea de que a arte sexa un proceso absolutamente individual é propio dun contexto moi concreto que tampouco ten moito que ver coa arte, aínda que a impregnase completamente.

Tamén realizaches propostas audiovisuais compartindo dirección con Alexandre Cancelo, como o filme *7 Limbos* (2019), do que derivaron as pezas *Oito*, realizada a partir dunha improvisación de Miguel Prado, e *Nove*, coa implicación da artista Loreto Martínez Troncoso e o teórico Alberto Ruiz de Samaniego. Como foron estas experiencias?

Ben. O traballo cinematográfico é un proceso moi lento no que estableces unhas relacións moi profundas coa xente e co material co que traballas. Ademais, desexabamos que houbera moita improvisación. Con Loreto e con Miguel non queríamos saber o que íamos facer ata o mesmo día da rodaxe. Chegábamos alí e deixábanos levar. Nos dous casos foi moi especial, tanto que logo nos custou integrar o que fixeron na película e decidimos crear pezas á parte. Loreto, por exemplo, levounos nunha deriva nocturna pola cidade do Porto e arredores. Ela contábanos que ás veces facían andainas sonoras para escoitar como os seus pasos reverberaban por toda a cidade. Xa tiña localizados unha serie de sitios onde, efectivamente, o camiñar se ía escoitando diferente polas peculiaridades espaciais dos lugares e as interaccións acústicas co contorno. Ao facelo de noite acentuaba moito a sensibilidade ante todos os rúidos que ían xurdindo.




Liro Setras, 2017. Editorial Fulgencio Pimentel. La Casa Encendida



No plano da difusión, o modo de visualización do teu traballo varía desde espazos tradicionalmente asociados á arte como as galerías ou salas museísticas ata pequenos espazos autoxestionados, festivais ou congresos. Cambian tamén as reaccións ou a implicación do público en función do contexto?

Si, por suposto. Xeralmente, canto máis institucionalizado está o contexto máis distancia hai co público, aínda que hai excepcións. Pasa tamén cos procesos de produción... Cando presentas un traballo a unha institución, este cobra a dimensión de proxecto, e sitúase por defecto no plano cognitivo, tes que programar e planificar o que vas facer con anterioridade. Isto significa que case todo o traballo o realizas mentalmente tecleando nun ordenador. O público tamén vai acceder a el dende este mesmo plano cognitivo, a través dunha idea, de procesos mentais, da máis radical alfabetización, incluso é posible que tamén existan manuais e normas para formar parte dese mesmo proxecto. Porén, cando te sitúas no outro extremo, a peza segue manténdose como tal e non perde a súa carne, a súa linguaxe non verbal, a intuición. A conexión é moito máis instintiva e directa porque xorde do propio proceso e así o percibe tamén o público, a retroalimentación é moito máis próxima. É lóxico, o mercado da arte virou cara ao institucional a través dunha rede de convocatorias e de axudas públicas, e o mercado hai tempo que se volveu cognitivo pola influencia da tecnoloxía. A institución equiparouse ao mercado e este, ao plano cognitivo.



TEXTOS

EN

CASTELLANO

GENA
BAHAMONDE

Gena Baamonde es creadora, directora, investigadora e intérprete con una amplia trayectoria artística en el campo de la práctica escénica y la creación contemporánea. Es doctora en Bellas Artes y titulada en Arte Dramático en la especialidad Dramaturgia y Dirección, con formación en artes del movimiento, igualdad, género y diversidad sexual. Su trabajo cuestiona los estereotipos de sexo, género y sexualidad que atraviesan los cuerpos tratando de revertir los valores hegemónicos para construir nuevas formas de pensamiento desde el respeto y la diversidad.

Dirige Neorretranca y Posmorriña en el CDG y realiza la dramaturgia y dirección en diversas compañías como La Artística, Xarope Tulú, Matrioshka, Elahood o A Panadaría, con la que recibe el Premio María Casares a la Mejor Dirección y Mejor Texto Original con la pieza *Elisa e Marcela* (2018). Junto a Andrea Quintana crea el colectivo VACAburra, centrado en la creación escénica y coreográfica en clave contemporánea con una mirada transfeminista y el humor como herramienta.

Cuentas con una formación diversa en la que se incluye el doctorado en Bellas Artes y la titulación en Arte Dramático, ¿qué te interesa de la convivencia entre diferentes sectores y qué puede aportar cada uno?

Creo que el campo de las Bellas Artes y de las Artes Escénicas son realmente cercanos y con una perfecta sintonía, con un marco de intersección que permite la convivencia y contagio de una manera bastante natural. Suelo reivindicar esa mirada basada en la hermandad y la colaboración más que profundizar en unas supuestas líneas de separación inquebrantables que, en muchas ocasiones, vienen marcadas por la necesidad académica de la separación en ámbitos disciplinarios. Además, en el caso de las artes escénicas contemporáneas, la fusión, la apertura a colaboraciones y los marcos de trabajo común posible, con las Bellas Artes, creo que se multiplican y pueden potenciarse gracias al bastardeo transdisciplinar con campos de juego compartidos para la creación. En mi caso, desde de muy temprano, mis referentes para la creación escénica eran más cercanos al campo de las Bellas Artes, sobre todo, al arte feminista, a la performance, a la plástica, a la videocreación, como también a la danza, más que a referentes de teatro en sí o de literatura, así que el diálogo viene de lejos y para mí fue bastante lógico hacer el doctorado en Bellas Artes. Ya en una de mis primeras creaciones escénicas en solitario en 1999, en la pieza *Mullerona*, la referencia incluso en el propio nombre -además de apodo que suelo utilizar- hacía alusión a la obra *Hon* de Niki de Saint Phalle del 1966, cuando creó una escultura gigante del cuerpo de una enorme mujer que tenía diversas estancias que se podían visitar en su interior a las que se podía acceder a través de su vagina.

Has colaborado con diversas compañías y, actualmente, formas parte del colectivo VACAburra, que fundas junto a Andrea Quintana. ¿Cómo y con qué intención surgió la idea de conformar este proyecto común?

Suelo desarrollar trabajos para otras compañías o colectivos aparte de continuar con proyectos que parten totalmente de mí, o en los que escojo más los puntos de partida. Una cosa no quita a la otra, sino que completa y enriquece continuamente el trabajo y mi propia evolución y aprendizaje. En muchas ocasiones, la implicación y el grado de aportación a la creación va a depender del proyecto concreto y de cómo se desarrolle más que de quién parte la idea inicial. El proyecto VACAburra nace en esta línea, de colaboración con artistas afines como Andrea Quintana, donde defendemos lenguajes escénicos contemporáneos, bastardos, donde compartimos lucha y hay un grado de implicación personal muy elevado. Es un proyecto que, a pesar de haberse gestado hace pocos años, lleva bastantes creaciones a sus espaldas que parten tanto de Andrea Quintana como de mí misma y que están abiertas al trabajo con otras artistas. Así, llevamos estrenadas las piezas *O raro é que bailar sexa raro* que es un solo de danza contemporánea de Andrea Quintana, *Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos* que aúna teoría y praxis mezclando lenguajes y llevando a escena muchas de las inquietudes de mi tesis doctoral, en la que estamos las dos en escena. La pieza *Extravíos*, danza en la calle, donde Andrea está acompañada de una ukestra de ukeleles, a *Ukestra do Medio*, o la pieza *Festina Lente*, creación de Andrea Quintana acompañada de Clara Ferrao en escena que se ha estrenado hace unos meses.

En alguna ocasión comentaste que el arte es político. Si pensamos en muchas de tus propuestas, como por ejemplo *Nomades*, podemos confirmar esta intencionalidad. Se trata de una obra para todos los públicos y con diversas capas de lectura. ¿Varían las reacciones con la pieza en función del contexto en el que se presenta y de las personas espectadoras?

Creo firmemente en esta intencionalidad política del arte, veo la necesidad de reivindicar esto en un contexto en que determinados poderes de derechas y de las oligarquías económicas se esmeran por desprestigiar y conseguir la desafección política por todos los medios. La búsqueda en las piezas escénicas de la reivindicación, de la crítica y de un claro posicionamiento político, me parece la base del trabajo y así, por supuesto, se ve en *Nómades de Xarope Tulú* que conformamos junto a todo el equipo implicado en el proyecto. Es una creación colectiva que gira en torno la identidad, a cómo transgredir los estereotipos de género y las lecturas unívocas de los cuerpos, romper los moldes, dirigido a todos los públicos y en especial a la gente joven que no suele contar con espectáculos que traten estas temáticas. Xarope Tulú, en este sentido, tiene un trabajo muy importante, muy cuidado y muy valiente, dirigido a estos públicos, que reciben con gran interés sus espectáculos, y que tienen un punto de partida lúdico, divertido, con lenguajes encuadrados en la mezcla sin olvidar una clara visión crítica.

El humor es otra de las claves. ¿Consideras que es una herramienta más accesible a la hora de tratar ciertos temas?

Considero el humor como otro de los ejes claves e imprescindibles con los que trabajo. No entiendo la vida sin humor como no entiendo la escena tampoco sin él, para mí es una herramienta transversal, muchas veces poco valorada y analizada de una manera superficial y de la cual las mujeres continuamos estando bastante expulsadas. Existe el humor con muchas capas de discurso que busca tocar de manera convincente temas muy concretos, llegando a lugares difíciles de llegar con tanta inmediatez y contundencia con otras herramientas. Ese es el humor que me interesa, lo que yo llamo “humor bisturí” con todos los aderezos posibles y aportes de la ironía y del humor negro, añadiendo capas de significado a una apariencia sencilla y con el que se pueden abordar toda clase de temáticas.

¿Qué otras estrategias empleas para poner en relación todos los engranajes estéticos e interpretativos de un proyecto?

Creo que cada proyecto tiene una estructura, un origen y unas formas diferentes, por lo que las estrategias a seguir serán muy diversas. Yo vengo de trabajar principalmente en proyectos de creación, tanto en lenguajes más cercanos a la danza como al teatro pero, casi siempre, un teatro que no parte de un texto escrito *a priori*, y si lo hace es un texto abierto a ser manipulado, trabajado y masticado para que se integre con los demás elementos. La creación se va conformando en el proceso y el texto no tiene por qué ocupar el lugar central del espectáculo. Así fue, por ejemplo, con *Elisa* e *Marcela* con A Panadaría o más recientemente con



Comando Comadres con Matrisohka Teatro, en lo que respecta al texto se hace un trabajo de dramaturgia a pie de escena y casi siempre de creación conjunta que va surgiendo en la sala de ensayo con improvisaciones y con muchas revisiones y ajustes a la interpretación. Pienso que hay que apostar por este trabajo en la sala de ensayos y no venir con todo cerrado de antemano, dejar que la dramaturgia se vaya construyendo acorde a cómo se van desarrollando los demás elementos y el trabajo con el equipo.

Uno de los objetivos de tu trabajo es dar visibilidad a la diversidad sexual, como ocurre en el caso de *Elisa e Marcela*, y atacar el pensamiento hegemónico, como en *Comando Comadres*, entre otras. En ellas trabajaste con profesionales y compañías que buscan revertir una situación de desigualdad y normalizar todos los cuerpos, géneros y formas de sentir y de pensar. ¿Consideras que las artes escénicas son más acertadas que las artes plásticas para transmitir o concienciar sobre determinados valores?

Creo que todas las artes son susceptibles de ser utilizadas con este fin, buscando transmitir determinados mensajes, y que cada una cuenta con una serie de características que favorecen un punto de vista diferente. Lo que creo que pueden aportar de singular las artes escénicas es la propia mezcla de lenguajes que la construyen, pudiendo ser aprovechadas desde muy diversos ámbitos y desde la inmediatez del diálogo con el público. No hay que olvidar que en las artes escénicas se produce un diálogo en vivo y en directo en un acto colectivo escogido por ambas partes y esto, para mí, no deja de ser un pequeño acto revolucionario o

susceptible de serlo. Así, en los casos que comentas como el de *Elisa e Marcela* con A Panadaria y *Comando Comadres* con Matrisohka, partiendo ambos desde la creación propia y dirigidos a todos los públicos, se tira de herramientas diversas que van desde el lenguaje físico y musical, el texto, el cuerpo y la plástica, según las características e intereses del equipo que lo conforma y según el objetivo principal en la transmisión del mensaje que, en mi caso, aunque siempre va a beber de los feminismos, va a tener en cuenta los matices y las peculiaridades de cada creación, como en el caso de *Elisa e Marcela* centrado en la visibilidad lésbica.

A diferencia de las artes plásticas, que habitualmente entrañan un proceso creativo más íntimo, desarrollado por el propio creador o creadora, en el caso de las artes escénicas suelen ser más las personas implicadas en la creación. ¿Cómo valoras el trabajo con otros profesionales?

Creo que una de las cosas que más me interesan de las artes escénicas es su carácter colaborativo, esa creación en equipo que necesita de creadoras y creadores que pueden provenir de ámbitos muy diversos como la plástica, la arquitectura, la performance... y de los que podemos establecer sinergias, nutrirnos mutuamente, en las que todos los campos importen y, en último caso, hagan que el trabajo creativo salga beneficiado y que siempre van a aportar nuevas capas a la idea inicial. De todas las maneras, creo que en casi todas las disciplinas artísticas hay un interés más bien de mercado y de tradición patriarcal que busca remarcar la autoría y la figura de un creador-genio, único y omnisciente, con un *copyright* con el que poder mercadear más fácilmente y esto se ve, quizás de una manera más

clara, en las artes plásticas, pero no hay que olvidar los movimientos colectivos y las corrientes artísticas en el mundo de las Bellas Artes en las que las colaboraciones y mezclas estaban -y están- a la orden del día y que ayudaron a romper las expresiones más hegemónicas del arte en muy diferentes épocas de la historia.

A nivel visual, en tus obras se aprecia una tendencia hacia la ausencia de ornamentación en la escena, resuelta habitualmente con fondos mínimos y elementos básicos. ¿Piensas que el abuso de elementos decorativos pueden distraer al espectador del mensaje que quieres transmitir?

Creo importante partir de ciertos objetivos y líneas de trabajo que priman unos elementos sobre otros pero que, en todo caso, no necesariamente tienen que excluirlos. Quizás lo entienda más como una especie de estructura modular de escalones, donde se parte de lo sencillo, de lo esencial, de lo que considero imprescindible en la escena, donde prevalece el trabajo de las intérpretes, el lenguaje de los cuerpos, lo que se quiere contar, el punto de vista crítico y después, una vez establecidos éstos, podemos seguir trabajando otros escalones que pueden incluso llegar a convertirse en parte esencial. También hay que tener en cuenta que cada proyecto requiere unas cosas determinadas y además no siempre se tienen las posibilidades económicas que permiten desarrollar un trabajo plástico complejo o conformar una estética muy elaborada a nivel formal. No es uno de mis primeros objetivos y reconozco que insisto bastante en la máxima del “menos es más” en casi todas las facetas y descarto el exceso de florituras y ornamentaciones que en los últimos años domina mucha de la escena, quizás en detrimento de un mensaje más elaborado y profundo.



Otra cuestión clave son las relaciones entre el cuerpo y sonido, los movimientos y los ritmos que se generan entre ambos como en un diálogo conjunto. ¿Cómo entiendes y trabajas estas conexiones?

Entiendo el cuerpo, las corporalidades, como un eje esencial del trabajo escénico, creo que es uno de los aspectos en el que más atención hay que poner, en cómo el cuerpo se relaciona con el movimiento, con la palabra, con el sonido y acaba por



conformar el ritmo de los espectáculos. Yo vengo de los lenguajes contemporáneos, de relacionarme siempre con la danza, tanto como intérprete desde muy joven en Matarile Teatro -una de las pocas compañías de teatro contemporáneas que hay en Galicia y de las más antiguas- en el trabajo en el Teatro Galán o en el En Pé de Pedra, donde siempre estabas rodeada de creaciones que trabajaban con lenguajes mezclados y casi siempre con un marcado eje en la corporalidad. Y así fui desarrollando también mi propio trabajo partien-

do de ahí, casi siempre, y reivindicando la validez del cuerpo, del movimiento, tratando de cuidar las conexiones que surgen desde él.

Tu performance *Metodologías Carroñeras para Cuerpos Invertidos* es una adaptación a la escena de tu tesis doctoral *Sexualidades des-xeneradas en la práctica escénica contemporánea*. Se trata de metodologías formales muy diferentes. ¿Cómo fue el proceso de trasladar la tesis del papel a práctica escénica?

Metodologías Carroñeras para Cuerpos Invertidos es un trabajo que fue surgiendo, poco a poco, ante la necesidad de validar el lenguaje escénico, como ámbito en el que pueden confluír la teoría y la práctica de un proyecto de investigación en el marco de un doctorado. Pienso que este tipo de investigaciones deben tener un proceso de transmisión de conocimientos al público, compartir con la máxima gente posible los procesos realizados y qué mejor lugar para hacerlo que la escena, que permite jugar con formatos muy diversos como la conferencia performativa que vertebra esta pieza. Se trata, además, de un trabajo en proceso continuo del que se hicieron varios borradores, iniciados en el marco de las *Residencias Paraíso* del Colectivo RPM, pasando por un formato más digital en el marco del *Ciclo V.O. de Escena y pensamiento Queer* (organizado por el Curro DT y La Fabulosa) hasta su estreno en el Festival Internacional Plataforma y con el que vamos a estar en el marco universitario de la UMA de Málaga y en el Festival Internacional de cine y artes escénicas Zinegoak.

Actualmente estás desarrollando un proyecto junto a Brigitte Vasallo en el marco de la Residencia Nau Ivanow, en el que exploras, desde el teatro documental, la huella de la guerra civil y el franquismo empleando como metáfora el mito de Ariadna. ¿Podrías contarnos más acerca de ese proyecto? ¿Por qué decidiste tratar ese tema a partir del mito de griego?

Este proyecto, *Trilogía de Naxos*, parte de una idea y de un trabajo que Brigitte Vasallo lleva desarrollando desde hace tiempo, en el que me invitó a participar. Brigitte llevaba hecho un trabajo de investigación brutal, en el que fue un placer navegar y del que aprendí muchísimo, no solo sobre el contexto de la temática, sino también de las personas a las que Brigitte entrevistó y cuyos testimonios conforman una de las partes de la pieza. Uno de los ejes del que se partió fue de un texto escrito por Brigitte que navega alrededor de la condición *txarnega* entendida como metáfora del olvido, como rastro de una diáspora forzada en el contexto de la Guerra Civil. Habla de silencios y de personas que perdieron la pertenencia, las raíces y la memoria y revisita, de una manera muy inteligente y poco habitual, el mito de Ariadna, no para explicarlo de otro modo más, sino para desmentirlo. Puedo decir que se trata de un texto incisivo, cargado de ironía y profundidad con el que fue un regalo trabajar y que fue un proyecto de esos de inmersión total de todo el equipo, en el que están en escena la propia Brigitte acompañada de Concha Milla y también Laura Iturralde en el espacio, iluminación y audiovisuales. Es la primera parte de una trilogía que espero tenga continuidad en el futuro y de la que espero seguir formando parte.



**FÉLIX
FERNÁNDEZ**

Licenciado en Bellas Artes por la Universidad de Vigo, Félix Fernández completa su formación en danza contemporánea y performance con creadores de la talla de Marina Abramóvic, Johannes Deimling, Elena Córdoba o Esther Ferrer. Hablamos de un artista que trabaja desde el cruce entre disciplinas donde conectan el vídeo, la música, la danza y la performance, donde la experimentación continua y la exploración de nuevos lenguajes son uno de sus principales sustentos creativos. Interesado en la reflexión sobre la realidad en la que se inscribe, sus trabajos proyectan problemáticas comunes que se construyen habitualmente desde la narración autoficcionalada y que penetran en el público espectador a través de diferentes capas de lectura.

Sus trabajos se expusieron individualmente en espacios como el Museo de Arte Contemporáneo de la Fundación Gas Natural Fenosa (MAC) en A Coruña, el Centro Torrente Ballester de Ferrol, el DA2-Domus Artium de Salamanca, el Museo Provincial de Lugo, la Galería El Museo de Bogotá (Colombia) o el Centro Cultural de España de Montevideo (Uruguay). Disfrutó de las bolsas de residencia Azala en Vitoria y en el espacio DT de Madrid, y también fue galardonado con el premio Encontro de Artistas Novos de la Cidade da Cultura (Santiago de Compostela, 2014) y fue beneficiario de la bolsa Gas Natural Fenosa, con la que realizó estancias en Berlín y Nueva York. Como performer, participó en eventos como el Festival TNT en Terrassa, el Festival Cuerpo a tierra de Ourense, el Festival Escenas do Cambio en la Cidade da Cultura, el Festival de Primavera en Danza del Teatro Rosalía de Castro (A Coruña), Performing ARCO en IFEMA (Madrid) y actuó en diferentes espacios como Matadero Madrid, el Center of Contemporary Art of Tel Aviv (Israel) o el Instituto Cervantes de Tokio, entre otros.

Comencemos hablando de la implicación social de tus propuestas, que exploran preocupaciones compartidas partiendo a menudo de experiencias cotidianas. Trabajas con el contexto que te rodea para después extrapolarlo al resto. Simula una suerte de puente entre tú y las demás personas, pero también entre tu yo individual y tu yo artista.

Yo realmente estoy inscrito en un tiempo y una realidad muy concretas, son un artista de mi tiempo y me gusta ser así. Me interesa hacer reflexiones sobre lo que me rodea y creo que, de alguna manera, a todas las personas nos pasa esencialmente lo mismo, aunque con muchísimos matices. Es decir, cada persona aborda una problemática desde una óptica, que es la subjetividad, y esta para mí es muy interesante, como también ver cómo nos enfrentamos a la vida con unas circunstancias concretas: que implican lo tecnológico, lo social, el turbocapitalismo en el que estamos inmersos... Todas estas cuestiones son preocupaciones latentes tanto en mi trabajo como en mi día a día. Para mí arte y vida están completamente ligadas y no puedo dejar de abordarlas.

Tu cuerpo funciona como eje principal. Tu imagen, tu retrato, aparece muchas veces intervinado adquiriendo diferentes roles que invitan a revisar conceptos de identidad y género y a repensar los estereotipos establecidos alrededor del individuo. ¿Cómo te sitúas y de qué manera canalizas estos discursos a través de la práctica artística?

Yo empecé trabajando con la identidad y creo que todos los artistas reflexionan sobre esto, pero algu-



